aulas con nome propio

# aula Rafael Dieste



1899-1981

1995 Letras Galegas

## a súa vida

Nado en Rianxo no 1899. Con quince anos matriculouse na Escola Normal de Compostela, mais interrompeu os seus estudios para viaxar a México, onde moraba un irmán seu.

Dieste formou parte dunha nova xeración que se debateu entre a dedicación á causa galega e o desexo dun triunfo persoal máis amplo nas letras españolas.

Viaxou por Europa como comisionado do Museo Nacional de Artes Plásticas de Montevideo, e exerceu de lector de Lingua e Literatura Españolas en Cambridge até 1952.

En 1961 voltou a Rianxo publicou unha reedición de ***Dos Arquivos do Trasno***, ampliando o número de contos.

En 1970 ingresou na Real Academia Galega.

## a súa obra

### A FIESTRA VALDEIRA
(1º LANCE)

*Don Miguel: ¿Que andará aínda a cachea-lo pintor? ¿Non che parez que xa estou aí? Dende o premeiro intre, naquel seu calar, surrir e escismar, xa vin que me atinaba coa fasquía. E agora case que non pinta, se non é cos ollos e co pesamento. Xa nin siquera mira cara min, non sendo así, de súpito....*
*O señor Baldomero: Deixalos. Iles saben....*
*Don Miguel: Si, cando saben, saben... ¡Son o demo!*
*O señor Baldomero: ¿O demo, dis? O demo non che pinta. Sóplache e nin te ves no espello.*
*Don Miguel: Ou veste cunha cara nunca vista, que ti nin coñeces:*
*O señor Baldomero: ¡Nin ela a ti tampouco! (......)*

---

Dos arquivos do trasno (1926). / a fiestra valdeira (1927). / Viaje y fin de don Fontán (1930). / Quebranto de doña Lupiaria y otras farsas (1940). / A vontade de estila na fala popular (1971). / Entre a Terra e o ceo (1981). / Temas galegos. Para axudar (1981). /

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
CEIP Pío XII
colabora
Xunta de Galicia — Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Xunta de Galicia — Secretaría Xeral de Política Lingüística
Concello de Santiago — Concellaría de Educación, Mocidade, Sanidade e Consumo